

Ponteareas, hábitat saudábel

EDUSI

Humanización da Praza de Bugallal



**OBXECTIVOS
DE DESENVOLVEMENTO
SOSTIBEL**

P NTEAREAS
CONCELLO



UNIÓN EUROPEA

*Fondo Europeo
de Desenvolvemento
Rexional*

Un xeito de facer Europa

A nova **Praza de Bugallal**

O proxecto de humanización da Praza de Bugallal foi elixido no ano 2018 mediante un concurso por un xurado de prestixiosos técnicos. Ademais foi obxecto dun proceso de información e participación veciñal no que interviron partidos políticos, veciñanza e comerciantes da zona e alfombristas.

Na actualidade a praza Bugallal ten 1.000 m² de superficie e está rodeada por rúas destinadas á circulación e estacionamento de vehículos que ocupan uns 2.000 m², convertendo á praza nunha gran rotonda. Coa humanización a praza **triplicará** as súas dimensións **superando os 3.500 m²** ao unirse en **plataforma única** a todas as fachadas circundantes e ao espazo ocupado pola igrexa parroquial.

Deste xeito a Praza de Bugallal **integrárase nas zonas xa humanizadas da contorna** da Igrexa, a rúa de Oriente e Esperanza e a Praza Maior conformando todas elas un **espazo de máis de 20.000 m² humanizado, ao que se une a nova praza do Mercado Municipal. Trátase de espazos públicos** pensados para as persoas, a súa mobilidade e estancia e para unha actividade comercial de calidade.

A praza carece de sombra axeitada na maior parte da súa superficie, apenas dispón de axardinamento algún e a súa iluminación, os bancos e o mobiliario urbano son insuficientes.



A humanización conleva a **creación de espazos verdes**, a dotación de novo **arborado de grande porte** que achegará a sombra que a praza precisa, **grandes xardineiras**, numerosos bancos e **mobiliario urbano** así como **nova iluminación**. As obras tamén inclúen a **renovación das canalizacións de subministros soterrados e de saneamento e o soterramento dos cableados actuais**.

As actuacións encádranse nunha planificación estratéxica de desenvolvemento urbano, a EDUSI - Ponteareas hábitat saudábel- e no Plan de Mobilidade Urbana Sostíbel (PMUS) que marcan as directrices dunha nova Ponteareas. O obxectivo é lograr maior calidade de vida cunha mobilidade sustentábel a pé e en bicicleta e a redución da contaminación acústica e atmosférica que provoca o tráfico de vehículos. **Por iso, esta obra está financiada polos fondos europeos de desenvolvemento rexional (FEDER) da Unión Europea.**

Accesos durante as obras

ACCESO PEÓNIS

A empresa garantizará sempre os accesos a pé a vivendas e comercios.

ACCESO RODADO RESIDENTES, GARAXES E TITULARES DE COMERCIOS

Permítese só parada, pero non o estacionamento e polo mínimo tempo imprescindible nos seguintes supostos:

- ✓ Carga e descarga de obxectos voluminosos ou pesados
- ✓ Recoller e deixar persoas con mobilidade reducida ou dependentes
- ✓ Por razóns de urxencia xustificada

Accederase con precaución ao crearse dobres sentidos de entradas e saídas

TRAMO AFECTADO	ACCESOS		
	Entrada	Saída	Días peonalización
Vidales Tomé (de Bugallal a C. A. Sportivo)	Vidales Tomé	Emilio Rodríguez	Por Vidales Tomé
Morales Hidalgo (de Bugallal ao obelisco do Auditorio)	A Estrada	Morales Hidalgo	Por Braña-A Estrada
Constitución	Constitución	Constitución	Por Concha Brey
Oriente	San Xoaquín	San Xoaquín	Por San Xoaquín
Esperanza	Fernández Vega	Fernández Vega-Ferreiros	Por Braña-A Estrada Fernández Vega
Senén Canido	Indicacións en obra	Indicacións en obra	Por Braña-A Estrada Morales Hidalgo
Praza Bugallal	Indicacións en obra	Indicacións en obra	Por Braña- A Estrada Morales Hidalgo
Enrique R. Troncoso	Reveriano Soutullo	Reveriano Soutullo	Por Braña-Reveriano Soutullo

ZONAS DE CARGA E DESCARGA TRANSPORTISTAS

LUNS A VENRES
de 7h a 13:h e de 16h a 20h)

- **Morales Hidalgo** (tramo de Bugallal a obelisco do Auditorio)
- **Vidales Tomé** (tramo de Bugallal a C.A. Sportivo)
- **Constitución** (toda a rúa)
- **Amado Garra** (zona actual diante do Colexio Inmaculada)
- **Praza Maior** (zona actual diante da Seguridade Social)

PARADA DE TAXIS

■ **Vidales Tomé:** marxe dereita en sentido Bugallal

■ **Senén Canido:** sábados de mañá

APARCADOIROS MÁIS PRÓXIMOS Á PRAZA DE BUGALLAL A 5 ou menos minutos

APARCADOIROS	PRAZAS	DISTANCIA CAMIÑANDO
C.A.Sportivo (privado)	80	60 m. - 1 minuto
Santa Ana	100	170 m. - 2 minutos
Granitos de Galicia (próxima ampliación)	100	250 m. - 3 minutos
Sarmiento Rivera (próxima apertura)	300	300 m. - 4 minutos
Rosalía de Castro	130	350 m. - 5 minutos
Avda. Castelao I (fronte Eroski)	60	400 m. - 5 minutos
Azorín e Amado Garra	65	400 m. - 5 minutos



 ZONA DE OBRA

Acceso peóns e vehículos a garaxes segundo indicacións en obra

 ZONA ACCESO LIMITADO

Só a residentes, garaxes e titulares de comercios. Só parada, non estacionamento na rúa.

 CARGA / DESCARGA

Zona de carga e descarga de transportiscas

 PARADA TAXIS

PARA CALQUERA ACLARACIÓN OU SITUACIÓN NON PREVISTA NESTA INFORMACIÓN:

Policía Local: 092 (desde Ponteareas) / 986 640 050
Concellaría de mobilidade: mobilidade@ponteareas.gal